



NOTA DE PRENSA

Piñor 30 de setembro de 2015

O Concello de Piñor, celebrou o luns a segunda sesión plenaria desta lexislatura.

Na orde do día figuraban varios asuntos de índole económica, a aprobación da Conta Xeral do ano 2014, unha modificación de créditos do orzamento do ano 2015, así como un asunto de urxencia a rescisión de un contrato de servizos forestais que o anterior ex-alcalde socialista asinara en plena campaña das eleccións municipais o 12 de maio de 2015.

Estes asuntos centraron o debate do pleno no Concello de Piñor, pois a situación económica que se atopou o actual grupo de goberno é complicada, cun elevado endebedamento e máis de douscentos mil euros sen pagar en facturas de gastos feitos polos socialistas. O actual grupo de goberno en Piñor recriminou ó socialista a ineficiencia da súa xestión durante os 12 anos anteriores que levaron ao concello a unha situación de endebedamento tan elevada que provoca que todos os meses teñan que facer números para poder pagar salarios e facturas que o anterior goberno deixou sen pagar, temos facturas de gastos do ano pasado sen pagar.

O actual grupo de goberno deixou claro no pleno que en Piñor se inicia unha nova etapa, onde o diñeiro público se xestiona con sentido, igual que o facemos nos nosos fogares, aforrando onde se pode, priorizando, e gastando naquelo no que os veciños precisan.

Así se demostra con feitos, no pleno levouse a cabo unha modificación do orzamento vixente consecuencia do aforro en diversas partidas que o grupo de goberno realizou en tan só 3 meses.

Outro das xestións salientables do actual grupo de goberno do concello de Piñor foi a rescisión de un contrato de prestación de servizos de dinamización forestal. En plena campaña electoral das municipais o socialista Francisco Fraga asinou un contrato de dinamización forestal con unha empresa que segundo o actual Alcalde, José Luis González Rodríguez, lle explicou onte ó pleno era un lastre para a economía do concello pois o contrato tiña un orzamento total de 67.276 € dos cales 44.000 euros corresponderían a anualidade do ano 2016, o cal deixaría o concello moi limitado nos



Concello de PIÑOR

orxamentos que o grupo de goberno prepara para o vindeiro ano. O actual grupo de goberno é consciente que hai que poñer en valor o monte e os recursos de Piñor pero non a calquera prezo; algúns dos servizos obxecto do contrato son ofrecidos por outras administracións públicas supramunicipais de xeito gratuíto, así mesmo nos ofrecemos para acompañar aqueles emprendedores que queiran poñer en valor o monte do noso concello para axudarlles na búsqueda de financiamento e na posta en marcha do seu proxecto. Estes son os motivos que levaron á rescisión deste contrato que o Alcalde de Piñor resindiu o pasado venres, de mutuo acordo co contratista ao finalizar a primeira fase do contrato.

Deste xeito o Alcalde de Piñor quere saír ó paso das informacións dadas polo grupo socialista nos últimos días, onde dicían que “o concello de Piñor estaba paralizado, que se estaban a perder servizos básicos, e que había loitas internas”. *“O actual grupo de goberno de Piñor a única loita que ten é a de xestionar o concello con sentido común dar ós veciños os servizos que precisan e atender as súas demandas. En tan só 100 días de goberno conseguíuse aforrar en salarios e retribucións da corporación, en consumo de gasoil, en gastos de asesoría e proxectos técnicos; rescindiuse o contrato de dinamización forestal custando 8.000 euros fronte ós 67.000 € que nos deixaron de herdanza, realizáronse as actividades de verán para os nenos e a viaxe ao parque acuático de Cerceda, as clases de apoio escolar para os nenos durante o curso están a piques de comezar, realizáronse os asfaltados de Vilanfesta e Casmoniño e a mellora do alumeadado público de Torguedo con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia, o vindeiro 11 de novembro haberá unha andaina coa colaboración de varias entidades co traballo de desbroce de sendeiros que iso implica; as clases de ximnasia de mantemento comezarán en breve,...en definitiva queda máis que evidenciado que o actual grupo de goberno non está paralizado e que a iniciativa política se verá. Estamos seguros de que se pode facer máis, somos esixentes con nós mesmos pero acabamos de chegar a un concello altamente endebedado e mal xestionado por outros durante 12 anos onde as prácticas de amiguismo político eran o día a día do concello e nós traballamos para todos por igual, para os que nos votaron e para os que non; o concello é de todos e está aberto á participación dos cidadáns, así o demostramos o luns onde ó rematar o pleno algúns dos veciños interviron para facer propostas cuestión que antes se lles vetaba”*

O Alcalde de Piñor

José Luis González Rodríguez

Tel 629 828 194